

Reunión anual dos grupos ecoloxistas e naturalistas galegos

XIII Asemblea da AGENG

O Grove foi o escenario da XIII reunión anual da Asemblea de Grupos Ecoloxista e Naturalistas de Galiza, organizada polo Colectivo Ecoloxista do Salnés. Unha conferencia sobre os "Aspectos medioambientais do novo Código Penal" a cargo do avogado Avelino Ochoa Gondar serviría para abrir as diferentes sesións de traballo, que abordaron desde os aspectos organizativos á realización de campañas en temas como a incineración e a reciclaxe do lixo, a conservación dos espazos naturais ou as actuacións en materia forestal. Non faltaron os actividades lúdico-formativas, coa proxección de vídeos sobre a "Avifauna do Bao", a visita a unha factoría de cultivo de rodaballo, ou unha excursión no barco *Acqua-Visión*, que acercou as sorpresas dos fondos mariños a todos os participantes. Outras cuestións abordadas foron os efectos ambientais dos campos de golf, ou a necesidade de declaración como Parque Natural da Enseada de Úmia-O Grove.

Porén, o tema central desta nova edición da Asemblea foi o debate organizativo. Fundamentalmente, as diversas propostas ian dirixidas á dotar á AGENG dun mínimo de capacidade de acción, tanto no que se refere a medios humanos estables como a medios económicos, que permitan afrontar cun mínimo de garantías os seus obxectivos fundacionais: ser lugar de encontro, debate e posta en común dos diferentes colectivos e organizacións ecoloxistas do país; apoiar as campañas do grupos locais que requiran unha dimensión nacional; e desenvolver aquelas campañas unitarias que en cada momento sexan acordadas. As propostas levaron á redefinición das diferentes comisións e a creación da figura de coordinador/a xeral, responsabilidade esta que recaeu en Xosé Veiras Garcia. A Comisión Coordinadora mantén o seu carácter de coordinadora de Grupos, onde cada grupo membro da AGENG ten voz e voto, pero pasa a contar con 3 membros individuais elixidos en Asemblea, formando parte da mesma tamén a título individual os/as coordinadores de cada unha das Comisións de traballo sectoriais.

Por outro lado, aprobou-se un proxecto de financiación dun liberado/a, que terá unha dedicación mínima de media xornada de traballo para a AGENG. Aprobáronse outras vías de financiación adicionais á contribución dos grupos, como a posibilidade de que a AGENG conte con colaboradores económicos a título individual que satisfagan unha cota periódica para o funcionamento desta organización coordinadora. Outras propostas como a modificación do nome e/ou siglas (AGENG), a organización territorial, ou o debate duns principios de ideario social ficaron polo momento no tinteiro.

Deste proceso de reorganización e do traballo dinamizador que a existencia dun/ha coordinador/a xeral, do apoio humano por parte do traballo liberado, e do papel dos/as coordinadores das comisións sectoriais, espera-se unha revitalización do traballo e papel que a AGENG debe realizar no eido do ecoloxismo galego. ■



Santiago

Marcha pola defensa do monte Pedroso

Por MANUEL ANTONIO FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ
Taller de Educación Ambiental "A Curuxa"
I. B. Xelmírez I (Santiago)

O pasado 30 de xuño tivo lugar unha marcha cidadá convocada pola asociación local do BNG compostelán. A actividade enmarcase dentro das iniciativas emprendidas para despertar o interese cidadán sobre os proxectos municipais de ordenación e uso do monte Pedroso e proceder á difusión e análise do "Plano Especial": ¿Cal é o orzamento para a súa execución? ¿Que valores conservar e potenciar? ¿Que vai ser da Selva Negra?.

Consistiu nunha camiñata con paradas en lugares de interese natural e sociocultural (Rueiro de Figueiriñas, Selva Negra, Ponte Pedriña de Arriba), onde se comentaron os aspectos máis notables (riqueza arqueolóxica, deforestación, paisaxe), seguida dun animado xantar campestre.

O conxunto Pedroso-Río Sarela supón o cinturón verde occidental que Compostela necesita neste intre do seu desenvolvemento para non quedar afogada por periféricos e áreas comerciais e residenciais. Temos que aunar esforzos e intereses para formar unha ampla plataforma cidadá que impida a destrución dun sistema tan importante para a nosa cidade.

Queremos que os proxectos tecnolóxicos e turísticos en curso estean complementados con medidas serias de reforestación e control da erosión e incendios. Neste conxunto de medidas cómpre incluír tamén o coidado e recuperación das marxes do Río Sarela (Muñíos, curtidurías, bosque de ribeira), controlando os vertidos, organizando roteiros escolares e creando campos de traballo e outras infraestruturas que posibiliten a salvación e uso racional dun río moi querido por tódolos composteláns. ■

